



PRAZOS E NORMATIVA

*** PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Do 1 ao 20 de marzo

* Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados

No suposto de que o Centro teña máis solicitudes que prazas dispoñibles os pais deberán presentar a documentación xustificativa dos méritos alegados para a aplicación dos criterios de admisión recollidos no artigo 18º no prazo fixado entre o 23 de marzo e o 5 de abril.

* Publicación PROVISIONAL DAS LISTAXES DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS:

antes do 25 de abril

* Publicación das LISTAXES DEFINITIVAS de persoas ADMITIDAS E NON ADMITIDAS:

antes do 15 de maio

***PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓNS E RECURSOS**

- Os acordos adoptados polos Titulares dos Centros públicos poderán ser obxecto de reclamacións ante os propios Titulares no prazo de 5 días hábiles.
- Contra a relación definitiva, as persoas interesadas poderán formular reclamación ante a persoa titular da xefatura territorial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

- A resolución da persoa titular da xefatura territorial porá fin á vía administrativa. Na notificación desta resolución á persoa interesada deberá indicarse expresamente, que contra esta cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso-administrativo, o órgano competente e o prazo para a súa interposición.

*Prazo de FORMALIZACIÓN DE MATRICULA:

- Do 25 de xuño ao 10 de xullo para ESO e BACHARELATO
- Prazo extraordinario para ESO e BACHARELATO do 1 ao 10 de setembro

* PERDA DO DEREITO DE PRIORIDADE

Os centros remitirán á Xefatura Territorial, de xeito inmediato, as solicitudes:

- As solicitudes de admisión presentadas fóra de prazo.
- As solicitudes de admisión referidas a unha mesma persoa, no caso de presentación de máis dunha; así mesmo as solicitudes de admisión presentadas estando vinculadas por reserva.
- As solicitudes de admisión que conteñan datos que non se axusten ás circunstancias reais da alumna ou do alumno.
- As solicitudes de admisión que estean acompañadas por documentación que reflicta datos que non se axusten ás circunstancias reais.

A xefatura territorial concederá as persoas interesadas un prazo de 5 días hábiles para que presenten alegacións. A resolución pola xefatura terá lugar no prazo de 5 días hábiles, declarando, se é o caso, a perda do dereito de prioridade que puidese corresponderlle ao solicitante. A xefatura adoptará as medidas necesarias para asegurar a escolarización do alumno afectado.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, ou directamente recurso contencioso-administrativo.



* **NORMATIVA VIXENTE:**

- *Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 1 de febreiro de 2017).*
- *Decreto 254/2012 do 15 de decembro (DOG 16 de decembro de 2012) da consellería de Cultura, Educación e O.U.*
- *Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15 de marzo de 2013)*
- *Orde do 18 de decembro de 2020 (DOG do 22 de decembro de 2020)*

Resolución do 25 de febreiro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai público o resultado do sorteo a que fai referencia o artigo 29 da Orde do 12 de marzo de 2013.

Para os efectos da resolución do desempate na puntuación final na orde de admisión do alumnado nos centros sostidos con fondos públicos no curso 2021/2022, conforme ao resultado do sorteo, as letras de prioridade que afectan:

- ao primeiro apelido son as letras “ W ” e “ S ”*
- ao segundo apelido as letras “ B ” e “ F ”.*

NOTA INFORMATIVA

- 1. Cada alumno e alumna só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que podan corresponderlle.*
- 2. Todo o alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.*
- 3. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.*